

ACTIVIDADE DE COHESIÓN GRUPAL

O obxectivo de esta actividade é lograr un bo entendemento do grupo e que prevalezca a confianza mutua entre os seus membros. Tendo en conta o intercambio de opinión e sentimentos que se producen nas actividades de cohesión grupal son un excelente camiño para aumentar a confianza do grupo. Vexamos algún dos beneficios que aporta a cohesión grupal no proceso de ensinanza aprendizaxe:

-“Sentimento de pertenza”: Non é o mesmo pertencer a un grupo que ter conciencia de pertencer a el compartindo necesidades e opinións.

-Creación dun grupo nun ambiente que facilite a aprendizaxe: Un ambiente facilitador da aprendizaxe é aquel onde a persona é unha das mellores fontes de seguridade e síntese integrada e arropada polo grupo.

-Comunicación auténtica entre os membros do grupo: A comunicación é un elemento esencial á hora de convivir e de resolver conflitos porque o diálogo é unha das principais ferramentas. Traballando de forma cooperativa facilítase que todo o mundo se sinta escoitado e sexa tomado en conta.

-Coñecer mellor a clase e ter unha comunicación máis fluída: Esta forma de traballo incorporando dinámicas cooperativas ás actividades de aula proporciona un maior grao de confianza no noso alumnado xa que senten máis seguridade nas respostas e participan mellor, sen medo ao fracaso.

-Romper coa rutina e establecer un ritmo de clase distinto: O cerebro está máis receptivo ás aprendizaxes se o ritmo de clase non é monótono e repetitivo. As actividades plantexadas dun xeito diferente e novidoso son a clave para mellorar a atención.

O grupo constitúe unha forma ou vía organizativa importante na labor educativa. No grupo dánse as condicións para a formación de rasgos de personalidade e favorece a posibilidade de atención ás dificultades individuais e colectivas do educando.

“ A P O N T E ”

“A ponte”	
Centro de interese actividade: cohesión grupal	
Obxectivo: Esta actividade ten como obxectivo promover a empatía, fomentar o diálogo, a comprensión do grupo e promover a axuda mutua.	
Tempo	Contidos
5'	Título e presentación da actividade
5'	Vídeo
15'	Actividade individual e exposición común das opinións.
15'	Actividade pequeno grupo
10'	Actividade gran grupo
1º TRIMESTRE	
RRHH	Titor/a
Económicos e materiais	Fotocopias Vídeo “a ponte”(https://www.youtube.com/watch?v=LAOICltn3MM)
Organizativos	Espazo: Aula clase Tempo: Na hora da clase.

“ A P O N T E ”

1) Presta atención a este fragmento de video e á actitude das dúas parellas.

2) ACTIVIDADE INDIVIDUAL:

Contesta de xeito individualizado ás seguintes cuestións en relación ao video e comparte as tuas opinións cos teus compañeiros da clase.

1.-Que pensas da actitude da 1ª parella do video? Por que pensas que non hai un bo entendemento? Que tipo de actitudes non axudan á cohesión grupal?

2.- Que pensas da actitude da 2ª parella do video? Por que pensas que chegan a un acordo? Que tipo de actitudes axudan á cohesión grupal?.

3.- Cando a 2ª parella trata de axudar á 1ª parella a cruzar a ponte por que pensas que non logra convencela?. Como actúa a 1ª parella cando a 2ª parella a trata de axudar?.

3) ACTIVIDADE EN PEQUEÑO GRUPO:

Cando un profesor vos propón facer un traballo colectivo, por que pensades que é importante ese “traballo en equipo”? Que beneficios aporta ao grupo?.

Expoñede as vosas ideas.

4) ACTIVIDADE EN GRAN GRUPO:

Poñer en común, a nivel de clase, os seguintes plantexamentos:

-Pensades que ter un bo grao de coñecemento e confianza cos vosos compañeiros/as da clase pode facer que se minimicen os conflitos na aula?. Pode ser unha axuda para o manexo e resolución pacífica dos mesmos?. Xustificade a resposta.

-Pensade e dar ideas de posibles situacións no contexto escolar no que cada un de vós podería axudar a un compañeiro/a.